



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA O ACONDICIONAMENTO DA RÚA FORO EN PRÉSARAS, FASE II.

1.- Competencia

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creada polo Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 13º.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Vilasantar, enmárcase na continuada colaboración entre a consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo.

As actuacións previstas consisten en acondicionar o viario existente co obxecto de adecuar as condicións de mobilidade, accesibilidade, humanización, conservación e mantemento necesarias para o fin proxectado.

As actuacións a levar a cabo para a execución da obra, serán as seguintes:

- a) Pavimentación de beirarrúas mediante lousa hidráulica gris con bordo de formigón prefabricado e pavimentación de calzada con rego de imprimación
- b) Colocación de mobiliario: Iluminación viaria con báculos troncocónicos de chapa de aceiro e luminarias de 250 w
- c) Sinalización: Marcas viarias en sinalización horizontal e vertical no ámbito afectado, para regular a incorporación do viario proxectado á estrada principal.

Para acometer as actuacións obxecto do acordo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o ano 2020 figura consignación orzamentaria adecuada e suficiente.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.





Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Vilasantar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de 1 ano adicional en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Vilasantar, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no **acondicionamento da Rúa Foro en Présaras, fase II**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Vilasantar trata de promover unha actuación consistente no **acondicionamento da Rúa Foro en Présaras, fase II**.

As actuacións previstas consisten en acondicionar o viario existente co obxecto de adecuar as condicións de mobilidade, accesibilidade, humanización, conservación e mantemento necesarias para o fin proxectado.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, observáronse os requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura. A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. María Encarnación Rivas Díaz

